O ROTEIRO CIFRADO

A contorna do Coto de San Sebastián atesoura moitas sorpresas para quen decida percorrer este privilexiado espazo do concello de Touro. Gozar das vistas desde o **Miradoiro** é un segredo a voces e a súa relevancia ao longo da historia faise patente na cantidade e calidade dos restos conservados.

Á cabeza dos seus tesouros o Castro, a unha altitude de 394 m., e a posterior cristianización do espazo coa Capela de San Sebastián. A tradición e as lendas dan boa conta dos costumes desenvolvidos neste monte.

Outro dos alicerces menos coñecido e do que queda moito por desvelar e o veciño Campamento Romano do **Castrillón**, a 278 m de altitude e separado polo canón do Rego das Pucheiras do Castro de San Sebastián. O posibel vínculo entre ambos os recintos subliña a relevancia deste espazo do concello ao longo da historia.

O persistente interese por estas terras non deixa de abraiarnos e nos seduce na procura dos seus enigmas. Como o que representa a existencia das tres **Covas** de San Sebastian, intimamente relacionado coa súa riqueza xeolóxica.

Un reflexo doutra parte da historia do concello, porque a riqueza xeolóxica e mineira faise notar de diferentes maneiras polas súas parroquias, como no aproveitamento das augas mineiromedicinais que van adquirindo esas propiedades na súa travesía polo subsolo. Así, o tradicional Local de Baños de **Brandelos** con augas sulfurosas en Prevediños ou a fonte de augas ferruginosas de Grixó en Foxás.

Pero non esgotamos as pistas deste pequeno-gran roteiro, porque ademáis dos tesouros arqueolóxicos e xeolóxicos, a beleza da natureza sorpréndenos coa **Fervenza do Batán** en Fonte Rosas e restos do noso patrimonio etnográfico como os muíños.

Gocemos descifrando cada un dos tesouros que agocha este Roteiro. Touro é camiño!

O ROTEIRO CIFRADO

Concello de Touro

Rúa Isabel II-26, Fonte Díaz

15822 Touro (A Coruña)

@touroturismo @concellodetouro

BRANDELOS

O ROTEIRO CIFRADO

A FERVENZA DO BATÁN

AS COVAS DE S. SEBASTIÁN

TOURO turismo



ROTEIRO SINALIZADO

Concello de Touro

O ROTEIRO CIFRADO

Puntos de inicio:	Monte de San Sebastian
	Latitude 42º 51´ 58.45"
	Lonxitude 8º 21´ 11.03"
Punto de chegada:	Área Recreativa Brandelos
	Latitude 42º 51´ 49.36"
	Lonxitude 8º 21´ 56.44"
Distancia:	2.7 km
Dificultade:	Moderada

Máis información:

Oficina de Turismo

981 814 566

Toda actividade na natureza ten os seus riscos

Mellor ir en compaña e levar o material adecuado

TOURO turismo





Das covas de San Sebastián a Brandelos

(No perfil falta a 3º das covas)

Seguiremos a descifrar este

privilexiado espazo

Touro é camiño